



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2025/G010/000007
Sesión núm. 07/2025

DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

Por así telo solicitado un grupo de cinco concelleiros e concelleiras (2 UPSA, 2 PP e 1 GM-PSOE) o 16 de maio do 2025, de conformidade co establecido nos artigos 46, apartado 2, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 38 e ss do Regulamento orgánico municipal (ROM) e 78 e 80 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar a sesión do Pleno do Concello a celebrar nas data e hora que se indican en primeira convocatoria e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

Sesión de: Pleno

Convocatoria: Extraordinaria

Data da sesión: 29 de maio do 2025

Hora: 18.00

Lugar: Salón dos Plenos da Casa do Concello

ORDE DO DÍA

1º.- *Debate sobre a situación actual das contratacións municipais do concello de Sada: licitacións, contratos en precario, contratación e execución de proxectos e obras...*

2º.- *Prórroga da contratación do servizo de axuda no fogar no concello de Sada.*

3º.- *Prórroga da contratación do servizo de escola infantil Flora Ramos Florita do concello de Sada.*

4º.- *Dación de conta dos expedientes de contratación (incluído o historial) que se iniciaron por acordo plenario do 23.07.2024: xardinería, limpeza viaria, limpeza de praias (en lotes coa viaria), piscina, gardería, auga, SAF.*

SEGUNDO: Dar traslado desta Resolución aos sres. concelleiros membros do órgano colexiado, advertíndolles de que, conforme co disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO: Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día que deban servir de base para o debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da súa posta a disposición a través da sede electrónica municipal ou da súa remisión por medios dixitais.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria do concello, María del Carmen Seoane Bouzas, o 21 de maio do 2025.